

COMO BUSCAR NO SIRGA UNHA PLANTA AUTORIZADA DE TRATAMENTO DE BIORRESIDUOS

No marco da convocatoria de reparto de contedores para a recollida separada da fracción orgánica, e en relación á cuestión da dispoñibilidade de plantas de tratamento, infórmase que non é preciso ter unha planta de tratamento específica para a xestión dos biorresiduos de orixe doméstica, senón que serviría que fosen tratados nunha planta autorizada para valorizar residuos similares de orixe industrial sempre e cando as liñas de tratamento sexan separadas.

Cabe incidir en que é necesario cumprir co requisito de ter estes acordos ou contratos cunha planta autorizada, xa que é obrigado para que a CMAOT poida xustificar os fondos europeos que financian esta actuación.

Indícase, a continuación, cómo facer a búsqueda no SIRGA das plantas que a día de hoxe están autorizadas para o tratamento de residuos orgánicos de orixe non doméstico. Desta forma, poderedes consultar en calquera momento o listado actualizado de plantas, conforme van sendo autorizadas por este órgano ambiental.

APARTADO DE BUSCADOR DE XESTORES E TRANSPORTISTAS:

<https://sirga.xunta.gal/xestores>

- **Busca de Xestores:** premer no botón de "búsqueda avanzada"
- **Xestión:** neste apartado seleccionar as seguintes opcións:
 - **Actividade:** XESTOR-VALORIZACIÓN
 - **Actividade D/R:** R3. Reciclado ou recuperación de sustancias orgánicas que non se utilizan como disolventes (incluídos a compostaxe e outros procesos de transformación biolóxica)
 - **Actividade de xestión:** Elaboración de fertilizantes
- **Buscar:** premer no botón.

Ao finalizar a búsqueda, aparecerá un **listado en pdf das empresas que contan con plantas autorizadas** para dita xestión.

É preciso que contactedes con elas para coñecer a súa disposición para tratar os vosos residuos orgánicos domésticos de forma separada. Por iso, tamén se inclúe na convocatoria **un prazo de 2 anos para establecer os diferentes contratos e acordos coas plantas.**